



"Que acontece co fantástico e o grotesco, co terror e a anticipación, co abraiante e o estarrecedor?" A literatura galega "está a mudar", afirman [Fernando Cimadevila](#) e [Tomás González](#), dous novos editores convencidos de que os xéneros emerxentes deben medrar para que a oferta editorial do país non perda poder de sedución ante os lectores. Para iso crearon [Contos Estraños](#), unha editorial que ten por primeira obra un libro de igual título onde unha dúzia de escritores dos mal chamados "xéneros menores", achegaron contos, dous esbozos de novela e unha tradución ao galego dun escritor clásico da literatura [pulp](#), Robert Herwin Howard.

**Contos Estraños** é "unha declaración de intencións", a desenvolver por obra "dun par de mentes enfermas e retorcidas", en termos dos seus creadores. Nembargante, unha primeira ollada ao volume cero da serie( *Contos Estraños. Steam pulp da Galiza. Volume 0 "Amañeceres Estraños"*, CE,2011) revela que esa declaración de intencións é un verdadeiro compromiso editorial cun espazo da tradición narrativa galega, que seguía a sobrevivir máis pola tradición oral que pola súa recreación escrita.

Escrito por  
Venres, 27 Abril 2012 12:02

---

Por iso, Cimadevila e González pregúntanse no limiar de *Contos Estraños* "Onde foron os contos de aparecidos, de trasnos, de mouros e de meigas que enchen a nosa tradición oral?"

Responden cos relatos de Xosé Duncan (

*O ollo do corvo*

), Manuel Ángel Gayoso (

*A morte branca*

), David Botana (

*O Tarzán da Mella*

), Santiago Bergantinhos (

*O home e a súa lágrima*

), Manuel González (

*O último minuto*

), Fernando Pérez (

*A ardua vida do non morto*

), Roberto A. Rodríguez (

*As penas de Leopoldo Quintás*

), Manuel Castiñeiras (

*Erro 404*

); dúas novelas "por entregas" como

*Primeiros*

(1ª Parte), de Fabian Plaza e

*Dark*

(1ª Parte), de Ernesto Diéguez; e rematando cunha tradución de Tomás González do conto de R.E. Howard,

*Deuses do Norte*

.

Como valor agregado, o deseño dos textos están acompañados por fotografías de Enric Martínez, e ilustracións de José M. Picón (capa), José Ángel Ares e Fernando Bravo (interior).

Tanto o libro como a editorial foron presentados por Cimadevilla e González na Aula de Cultura Ponte de Rosas, o pasado xoves 19 de abril, por certo, nunha tardiña de choiva e ceo pechado ideal para un faladoiro sobre a literatura do fantástico e misterioso. Seguramente por mor diso, os clásicos 40 minutos que levan este tipo de presentacións remataron en máis dunha hora de conversa co público asistente. Nese intercambio tamén se abordou a actualidade editorial en Galicia, as achegas e desafíos que presentan as novas tecnoloxías así como a súa pegada no futuro literario do país. Reflexións e debates que foron presentados por Miguel Anxo Mouriño (IEM) e quedaron rexistrados no vídeo que acompaña esta nota.

{youtube}EXLUQ67r9SE{/youtube}